

A LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO IDIOMA GALEGO *

per Xoán X. SANTAMARIA CONDE

Responsábel do Servizo de Normalización Lingüística do Coléxio de Economistas
de Pontevedra e membro do Comité de Ensinamento do Consello Xeral
de Economistas de España

5

INTRODUCCIÓN

1. LINGUA GALEGA: UN DEBER E UN DIREITO
2. A LINGUA GALEGA NA ADMINISTRACIÓN
3. A LINGUA GALEGA NO ENSINAMENTO
4. DOS MEIOS DE COMUNICACIÓN ATÉ A FUNCIÓN NORMALIZADORA
5. A NORMATIVIZACIÓN

INTRODUCCIÓN

A principios de Maio de 1983 elabora-se en ponencia do Parlamento da Galiza o proxecto de lei do uso do idioma galego. O primeiro de Xuño ditamina-o a Comisión Institucional de dito Parlamento. A Cámara, con lixeiras modificacións, aproba por unanimidade o texto definitivo da Lei de Normalización e, por aioría, a disposición adicional que fai referencia á normativización da lingua galega. Era o 15 de Xuño cando tal acontecemento se producía. Finalmente promulga-se o 14 de Xullo de 1983 no Diálogo Oficial da Galiza para tomar vigor ao día seguinte.

A devandita lei recolle un preámbulo no que se fai referencia ao proceso centralizador que, no decorrer dos séculos, anulou a posibilidade de constituir na Galiza institucións propias e impediu o desenvolvemento xenuíno da nosa cultura precisamente cando a imprensa ía promover o grande despegue das culturas modernas. Despois de aludir á crecente sensibilidade, desde os ilus-

* O presente texto, adaptado para esta publicación, é parte da Comunicación presentada polo autor no *I Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza* (Ourense, 20-24 de Setembro de 1984). O texto restante vai ser recollido en posterior ocasión.

trados do século XVIII e especialmente a partir de mediados do XIX, avalia-se no devandito preámbulo a respecto da despersonalización e marxinação cultural da Galiza, a lingua como a creación mais importante de povo galego como colectividade que, ademais, serve de vínculo esencial entre os galegos afincados na terra e os emigrados polo mundo adiante. Ao remate de tal limiar, salienta-se que: «A presente lei, de acordo con o establecido no artigo 3.º da Constitución e no 5.º do Estatuto garante a igualdade do galego e do castelano como linguas oficiais da Galiza e asegura a normalización do galego como lingua propia do noso povo.»

1. LINGUA GALEGA: UN DEBER E UN DIREITO

Referindo-se aos dereitos e deberes lingüísticos na Galiza a Lei de Normalización sinala literalmente:

«Artigo 1.º O galego é a lingua propia da Galiza. Todos os galegos teñen o deber de coñece-lo e o dereito de usa-lo.

Artigo 2.º Os poderes públicos da Galiza garantirán o uso normal do galego e do castelano, linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Artigo 3.º Os poderes públicos da Galiza adoptarán as medidas oportunas para que ningún sexa discriminado por razón de lingua.

Os cidadáns poderán dirixir-se aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua.»

Ainda que non coinciden con a literalidade dos catro apartados do artigo 5.º do Estatuto de Autonomía para Galiza, estes tres artigos veñen a corresponder-se con el; apresentando, ademais, certas novidades con respecto ao texto estatutario. Por unha banda temos, no segundo parágrafo do artigo 3.º da lei, que os cidadáns poderemos, previsiblemente, acudir aos xuíces e tribunais para non sermos discriminados, se é o caso, no uso que fagamos da nosa lingua en lugar de empregarmos, na Galiza, o castelano ou español. Este dereito, como calquera outro, ven determinado pola simples aplicación do artigo 24.1 da Constitución. Non obstante pensamos que non está demais reforzar, neste eido, a posibilidade de acudir aos xuíces e tribunais en prol da protección xudicial dos dereitos de calquera cidadán, aínda que nada mais sexa a efectos recordatorios. Deste xeito contribúese, ademais, a que este diploma legal non fiquese en letra morta ou en papel mollado sen prexuízo do que, como se sinala no artigo 3.º, lles cumpre aos poderes públicos que, por outra banda, terán de garantir o uso das dúas linguas oficiais na Galiza: o galego como propia e o castelano ou español por ser a oficial en toda España segundo o establece o artigo 3.1 da Constitución.

Temos tamén o que da lectura da lei resulta certamente chamativo. No entanto que o Estatuto fala só do dereito a coñecer e usar as dúas linguas oficiais das que o castelano é de obrigado coñecemento como se indica no de-

vandito artigo constitucional, nesta lei sinala-se, sen rodeos, que todos os galegos teñen o deber de coñecer tamén o idioma galego. E son galegos, segundo o artigo 3.º do Estatuto, os españois que teñen viciñanza administrativa en calquera dos municípios da Galiza ou, no caso dos emigrantes, os que a tivesen por última vez, como tamén os seus descendentes nados no exterior que figuren inscritos como españois. Quere-se dicir, por tanto, que o galego e o castellano, como línguas oficiais, fican equiparadas polo que fai ao seu coñecimento como ao seu uso optativo. No obstante, en outubro de 1983, o Goberno Central aceptou, en parte, a proposta de recurso perante o Tribunal Constitucional que, contra concretos contidos da Lei de Normalización Lingüística do idioma galego, lle elevou a Delegación na Galiza do devandito Goberno. Consecuentemente recorreu-se o «deber» de coñecer a lingua galega que o 1.º artigo desta lei establece con a mesma literalidades que, para o castellano en toda España, recolle o 3.1 da Constitución. Unha vez mais, non se cuestiona aberta e claramente o uso das demais línguas españolas, na terminoloxía constitucional, mas si encobertamente en defensa dos dereitos dos castellanos parlantes que, en todo caso, resulta inecesária até o momento. Unha vez mais, como cando o Decreto 2.929/75, parece que custa recoñecerlle aos demais, galego-parlantes, os dereitos que se recaban para sí os castellanos parlantes.

Na medida en que o recurso non afecta apenas ao resto da lei e, por conseguinte, ao deber dos funcionários de coñeceren a lingua galega como a dos escolares a respecto da súa aprendizaxe, custa traballo entender as razóns, salvo as mais ou menos ocultas, do tal recurso. O mesmo Sr. Ministro de Administración Territorial sinalaba que o recurso samente afecta á permanencia ou non do vocábulo indicado: «deber», e non ao conxunto da lei que, en cumprimento de tal deber ademais, desenvolve-o e o concreta. A suposta coerencia das declaracións aludidas non se albisca salvo se se pensa que do que se trata é simplemente de poder contar con unha lei inútil e inaplicábel. O Delegado do Goberno Central na Galiza asumiria como propias, mesmo na súa condición de Presidente da Real Academia Galega, declaracións similares ás do Ministro indicado.

A inexistencia de tal deber de coñecimento, sequera sexa implicitamente, privaría-nos aos galegos parlantes do dereito a usarmos a lingua propia cando calquera interlocutor noso diga non entender-nos ou se negue a atender-nos. Á marxe da resolución que adopte, ao respecto, o Tribunal Constitucional e sen prexuízo nen prexulgamento da mesma, cumpre resaltar que, en todo caso, hai que entender que o «deber» de coñecer, tanto o galego como o castellano, subsistirá implicitamente, cando menos. O dereito que non se nos nega a optar libremente polo uso do galego ou do castellano obriga-lle ao outro ou outros interlocutores, que se poden expresar na outra lingua, a atender-nos e entender-nos, na Galiza, en galego como en castellano. E neste senso é no que hai que entender as obrigas de coñecer tanto unha como a outra lingua oficiais. En función do dereito dos demais a usaren aquela ou esta da súa preferencia xa que nomeadamente non se impón coactivamente o coñecimento delas. Trátase,

se se quere, dun deber ético ou dun principio programático que, con estes alcanzos, recolle unha norma legal sexa constitucional ou, ao amparo mesmo da Constitución española, de carácter autonómico. Se a lei non dixese nada sobre o tema, habería que entender que, como xa se sinalou, tal deber subxace aínda que nada mais sexa dun xeito implícito pois que o mesmo Estatuto sinala que ninguén pode ser discriminado por razón da lingua (art. 5.4) tal como acontece con outros diplomas autonómicos. A existencia, ademais, nos tempos que corren de analfabetos en España, ou de persoas na práctica analfabetas que dificilmente len ou escriben mesmo en castellano, evidencia que non hai mecanismos coercitivos que impoñan un deber de tais características. En troca, este feito pon de relevo como si se trata dun principio programático. Neste caso, por outra banda, dada a condición de vítimas das persoas implicadas, a responsabilidade polo incumprimento dun deber de tais características habería que imputar-la, sobre todo, aos poderes públicos.

O único que acontece é que, desde o punto de vista sinalado, a redacción do artigo 3.º do Estatuto galego, polémico xa na súa discusión nas Cortes Xerais neste e outros puntos concretos, non é a mais afortunada. O noso Estatuto limitar-se a dicir, de maneira similar ao artigo 7.1 do valenciano para a súa específica modalidade do catalán, que os idiomas galego e castellano son oficiais e nen sequera, segundo o artigo 6.º do vasco, utilizando a expresión: «... como o castellano», nen como o 3.º do balear: «... xunto con a lingua castellana». O Estatuto catalán que, en troca, non fala do dereito nen do deber a respecto da lingua catalá, explícita perfectamente a co-oficialidades en pé de igualdade. O seu artigo 3.º sinala que: «O idioma catalán é o oficial —observe-se que non di simplemente “oficial” senón “o oficial”— de Cataluña así como tamén o é o castellano en todo o Estado español.»

2. A LINGUA GALEGA NA ADMINISTRACIÓN

Os artigos 4.º, 5.º, 6.º..., até o 11 incluído referen-se ao uso oficial do idioma galego, tanto na Administración Autonómica como nas Corporacións Locais. Fica fora desta lei, pois, a Administración Central que, por unha elemental coerencia, debe asumir-la na súa organización periférica na Galiza e sobre todo polos dereitos que perante calquera persoa ou institución recoñece a lei de normalización lingüística aos cidadáns galegos. E isto non significa, como despois veremos, que as Cortes Xerais non podan regular todo isto para o caso da Administración Central sempre que o fagan en concordancia con o disposto no Estatuto de Autonomía e ao amparo da Constitución. De todas as maneiras, se temos en conta que ninguén pode ser discriminado por razón da lingua, a presente lei supón unha referencia obrigada nuns casos e indicativa en outros, para a Administración Pública galega e a española, respectivamente.

As leis da Galiza, os decretos legislativos, as disposicións normativas e as resolucións oficiais da Administración Pública galega redixiráis en

galego e castellano (art. 5.º) dado que a galego é a lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da devandita Comunidade (art. 4.º). De conformidade con o artigo 6.º, polo que os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións con a Administración Pública, as actuacións administrativas na Galiza serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada. Os poderes públicos galegos están obrigados a promover o uso normal da lingua galega tanto oralmente como por escrito nas súas relacións con os cidadáns. No entanto que á Xunta da Galiza lle corresponde ditar as disposicións precisas para a normalización progresiva do galego, as Autarquías ou Corporacións Locais: Deputacións e Concellos deberán facer o propio de acordo con esta lei. Na primitiva redacción do proxecto de lei asignábase-lle á Xunta a responsabilidade da normalización da lingua galega no seu ámbito e no das Autarquías Locais. En prol da autonomía local, no texto definitivamente aprobado, deixa-se en mans destas entidades o establecemento dos decretos correspondentes na execución da lei de normalización á que fican obrigadas polo artigo 6.4. O artigo 7.º, tamén recorrido nos números 1 e 2, establece a mesma oficialidade do galego e do español na Administración de Xustiza, reservando-lle á Xunta a promoción, de acordo con os organismos correspondentes, da normalización progresiva do uso do galego, no territorio da Comunidades Autónoma Galega, polo que respeta á Administración de Xustiza. Os documentos públicos outorgados na Galiza poderán-se redixir en galego ou castellano e, en caso de desacordo entre as partes, empregarán-se ambas as dúas linguas (art. 8.º). Os asentamentos, nos Rexistos Públicos dependentes da Administración Autonómica, farán-se na lingua oficial en que estexan redixidos os documentos ou se faga a manifestación. No caso de documentos bilingües inscibirán-se na lingua que indique quen os presente no Rexisto. Nos Rexistos Públicos non dependentes da Administración Autonómica, a Xunta promoverá, de acordo con os órganos competentes, o uso normal do idioma galego. Non obstante, para rexistadores e notários aínda perviven instrucións recomendando a inscrición en castellano ou, no seu caso, bilingüe cando se trate de documentos redixidos en español ou en galego e bilingües, respectivamente. Cando as certificacións non sexan literais, pois nestes caso estenderán-se na lingua utilizada na inscrición, empregará-se a lingua oficial interesada polo solicitante do mesmo xeito que, cando se trate de textos bilingües, poderán-se obter as certificacións de tais documentos en calquera das versións, a vontade do interesado segundo o artigo 9.º.

Unha cuestión intencionadamente eludida é o de que lingua ou linguas prevalecen aos efectos de interpretación de textos legais e documentos bilingües. Na Administración Central do Estado parece que, a estes efectos, prevalece a versión en castellano ou español. Non obstante o mais riguroso, desde o punto de vista da seguranza xurídica, sería que prevalecese o texto correspondente á lingua na que orixinarmente foi redixido. A outra versión non ten, en principio, mais valor do que lle corresponde a unha simple tradución. Sería preciso, para isto, que se establecece que, en todo texto bilingüe, sempre

se deberá indicar abreviadamente cal é a versión orixinal (t.o. = texto orixinal).

Ainda que non existe unha lexislación en materia de lingua aprobada como tal polas Cortes Xerais do Estado que afecte ou poda afectar á Administración Central, hai perspectivas de que, no cadro de leis de outras materias, se contemple esta cuestión podendo-se, ademais, colisionar dereitos mais ou menos recoñecidos polas diferentes normas de ámbitos autonómicos. Tal é o caso do proxecto de lei do Poder Xudicial que, en esta cuestión, ocupa-se novamente, sobretudo, da defensa do uso do español ou castellano.¹ E teña-se en conta que, ao tratar-se dunha lei orgánica, é unha norma equiparábel aos Estatutos de Autonomía e de maior rango do que mesmo as leis de normalización lingüística vixentes nos respectivos territorios autónomos. Este proxecto de lei establece que en todas as súas actuacións xudiciais, os xuíces e maxistrados, fiscais e secretarios dos xulgados e tribunais usarán o castellano, lingua oficial do Estado. En consecuencia ao non dicir: «poden usar...», obriga taxativamente aos profesionais e funcionarios da Xustiza ao emprego, en todo caso, do español. O galego, catalán ou euscaro, «poderán-se usar...», sempre que os correspondentes escritos vaian acompañados dunha tradución ao castellano. Ante isto, se o uso do galego, no noso caso, implica o simultáneo do castellano, non se poderá facer uso del dun xeito optativo e en pé de igualdade con o español do que sempre se fará uso. O que tería de establecer-se, en senso contrario, é que no caso de escritos, documentos ou declaracións que teñan de surtir efectos fora da Comunidade Autónoma que conta con lingua propia, será a mesma Administración Central a encargada de realizar as correspondentes traducións ao español ou, se é o caso, ás outras linguas. En todo caso ten-se de procurar, en aras da normalización das outras linguas, que calquera tipo de tradución non lle reporte aos cidadáns nengun tipo de molestias nen perdas de tempo. Neste senso os artigos 2.2 da lei de normalización do catalán e o 12.1 do valenciano, recollen explicitamente consideracións deste tipo. Os cataláns poden realizar as súas manifestacións de pensamento ou de vontade na súa lingua propia con os mesmos efectos xurídicos do que se o fan en castellano non podendo, ademais, seren obxecto de dificultade ou retraso algun como tampouco exixir-se lles tradución ao castellano. Os valencianos, pola súa banda, poden dirixir-se, concretamente á Administración de Xustiza, na lingua oficial que estimen conveniente sen que tampouco se lles poda impor tradución algunha nen seguir demora na tramitación das súas pretensións. Prevé-se, non obstante, o uso do castellano cando se trate de cópias ou certificacións de documentos que teñan de surtir os seus efectos fora do territorio da Comunidades Autónoma Valenciana. Perante isto cabe preguntarmo-nos: e

1. *N. da R.*: No seu momento, REVISTA DE LENGUA I DRET dará conta do tratamento definitivo que, na Lei Orgánica do Poder Xudicial, se lle dispense ao uso, no ámbito da Administración de Xustiza, das outras linguas distintas ao español. E isto tendo en conta, sobretudo, que neste aspecto está recorrida tamén a Lei de Normalización Lingüística da Galiza que é, ademais, a mais moderada en materia de co-oficialidade nos Xulgados e Tribunais.

tamén cando os tais efectos teñan de producir-se, por exemplo, en Cataluña ou nas Illas Baleares? Por certo que esta lei valenciana non fala do deber de coñecer o idioma propio da Comunidade Autónoma, mas sinala-o como principio programático cando di: «A incorporación do valenciano ao ensino en todos os niveis educativos é obrigatória...» Caben, pois, diferentes formulacións para establecer, implícita ou explicitamente, o deber de coñecer e, en consecuencia, estudar a lingua propia da Comunidade Autónoma que se trate.

Cando resulte inevitábel a redacción e tramitación bilingüe de documentos, dado que isto supón o emprego de tempo e despesas dobros, a mesma lexislación fiscal e os honorarios dos notarios e rexistadores deberían contemplalo. Concretamente no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados podería-se establecer unha bonificación do cincuenta por cento no caso de que, por dobre extensión, se dupliquen os timbres impositivos.

Postos a considerar a lexislación estatal de materias diversas que tamén alude ao uso da lingua castelana e, no seu caso, aos das outras, temos de lembrar que, de conformidade con as Ordenanzas Militares vixentes, o castelano é a única lingua de uso na vida interna de todas as dependencias castrensas. E até o momento non se harmonizaron aínda as disposicións que, en temas puntuais, podan resultar contraditorias con as específicas de normalización lingüística. Tal harmonización, neste caso, podería arbitrar-se mediante o establecemento de algun tipo de extraterritorialidade autonómica respeitante ás dependencias militares situadas en Comunidades Autónomas con idioma propio. En contrapartida, o mesmo Ministerio de Defensa debería prover-se, dos correspondentes servizos de tradución a fin de que, cando sexa o caso, podan os diversos órgaos autonómicos, entes locais e cidadáns civís dirixir-se a institucións castrensas nas súas linguas específicas. Deste xeito evitarían-se devolucións de escritos dirixidos a autoridades militares por non estaren redixidos en castelano e non contaren, tais autoridades, con os correspondentes servizos de tradución a este idioma, como xa aconteceu concretamente na Galiza.

Por outra banda, no caso de produtos alimenticios envasillados en Comunidades Autónomas con lingua propia, establece-se que, en todo caso, as etiquetaxes deban expresar, en castelano, as indicacións legalmente obrigatórias. Non obstante, para produtos deste tipo importados, consumíbeis en percentaxes importantes en zonas como Canarias, Ceuta ou Melilla, nengunha disposición se encarga de que, ao seu paso polas alfándegas españolas, se reetiqueten en español. Unha vez máis repíten-se, como se ve, tratamentos, para as demais linguas españolas, tanto ou máis desfavorábeis dos que se lles dipensan, en España, ás estranxeiras.

Polo que respeita aos topónimos da Galiza, de conformidade con o artigo 10, sinala-se que terán como única forma oficial a galega. Unha vez determinados pola Xunta os nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e os topónimos da Galiza, estas denominacións e non outras serán, pois, as legais a todos os efectos. A denominación dos nomes das vías urbanas será establecida polo

Concello que corresponda con os mesmos efectos legais do que as anteriores denominacións. Con o Decreto 132/1984 de 6 de Setembro desenvólvese este artigo da Lei de Normalización Lingüística (D. O. da G., 21-IX-84).

O artigo 11 é o que, a fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos nos antigos anteriores, establece a progresiva capacitación dos funcionarios no uso do galego, así como do personal das empresas públicas da Galiza. No caso de futuros nomeamentos e probas de acceso ás prazas das Administracións Autónoma e Local consideraráse e ponderaráse o coñecemento das dúas linguas oficiais, no entanto que para a provisión de postos de Maxistrados, Xuíces, Secretários Xudiciais, Fiscais e restantes funcionarios da Administración de Xustiza, así como no caso dos Notários, Rexistadores da Propriedade e Mercantís, o coñecemento do idioma galego será mérito preferente a calquera outro, posto que xa así o establecen os artigos 25 e 26 do Estatuto.

A diferenza do Decreto 2.929/75, a lei de normalización lingüística do idioma galego non contempla outro tipo de entidades vinculábeis ao proceso mesmo de normalización, como as corporacións de dereito público ou calquera tipo de asociación. En todo caso hai que entender que, para faceren efectivo o dereito ao uso do galego polos seus membros, teñen de posicionar-se en prol do uso normal deste idioma. Os coléxios profesionais teñen, por exemplo, un amplo campo de actuación: o deber de respeitar o emprego tanto do galego como do castellano, o de propiciar os diferentes exercicios profesionais en galego e, finalmente, polo que respeita á normativización deben ocupar-se e preocupar-se pola elaboración dunha lexicografía profesional e científica acaáda en lingua galega.

3. A LINGUA GALEGA NO ENSINAMENTO

Os artigos 12 ao 17, ambos inclusive, adicados ao uso do idioma galego no ensino son dos poucos, até o momento, desenvolvidos e que polo tanto se aplican minimamente ao amparo do Decreto 135/1983 de 8 de Setembro. Outro decreto, o da normativización, fora promulgado con anterioridade á lei de normalización e, mesmo por isto, non resulta, como xa se verá, moi coherente con a disposición adicional da lei devandita.

Como lingua propia da Galiza, o galego é tamén oficial en todos os niveis do ensino, correspondendo-lle á Xunta da Galiza regulamentar, como xa o fixo, a normalización lingüística neste eido. Os alumnos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna, cumprindo-lle ás autoridades educativas a promoción do uso progresivo do galego no ensino. O texto do proxecto, elaborado en Ponencia conxunta, falaba de *lingua habitual* en vez de lingua materna. Este cambio, que desde o punto de vista semántico non ten excesiva relevancia, supón un certo avance dado que resulta moi frecuente que pais galego-parlantes se expresen con os seus fillos, desde o berce, en castellano e, en ocasións, como proban algunhas investigacións levadas a efecto en bairros periféricos de cidades galegas poboados por campesinos

emigrados á cidade, fan-no mais ben cun «castrapo» que, sobre todo, contribue ao deficiente coñecemento tanto do galego como do español á vez que favorece incorrectas e múltiples interferencias lingüísticas. E todo pola falta do uso normal do galego na nosa sociedade até o momento. En consecuencia a consideración dos alumnos como galego parlantes vai vir determinada, mais que pola lingua habitual dos fillos, pola dos seus proxenitores. Esta circunstancia ten o inconveniente de que pode propiciar, polo sentimento de auto-menosprezo cara todo o galego, a continuidade e resurximento de conflitos e enfrontamentos xa producidos con anterioridade entre pais e mestres. Na actualidade existe algun expediente en curso incoado a unha profesora de lingua e literatura española no bacharelato por impartir a docencia en galego. E isto sen que se teñan en conta, que se saiba, posibles razóns pedagóxicas polo uso diglósico das linguas co-oficiais como as que mesmo recolle o artigo 2.1 do Decreto devandito 135/1983 cando fala de que se empregará o galego nas clases de lingua e literatura galegas e o castellano nas españolas, sen mais excepcións que as exixidas pola propia eficacia do ensino. En troca, non se ten constancia da existencia de posibles expedientes aos profesores que, en castellano ou español, imparten a disciplina de lingua e literatura galega. Outra posibilidade que se contemplou tamén, no caso do ensino en galego ou en castellano, foi a da lingua do entorno que foi rexeitada ao discriminar aos alumnos segundo vivan no campo ou na cidade en lugar de face-lo segundo a lingua familiar e desde o punto de vista individual. Tendo en conta que o galego é a lingua de uso oral normal, aínda que cada día mais esmorecente, na Galiza rural e coexistindo con o español nas cidades en maior ou menor medida, esta opción frenaría a expansión e recuperación do galego na Galiza urbana sen reducir, previsiblemente, o decaimento do mesmo na Galiza rural. Por outra banda tal concepción entraría en colisión con o que se persegue con a alínea 3.^a do artigo 13 segundo a que os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razóns da lingua como tamén se evitará, salvo por excepciónais razóns pedagóxicas, a separación en aulas diferentes. Para mellor propiciar o dominio equilibrado no posíbel, nas dúas linguas oficiais, procura-se evitar calquera tipo de segregación por razón da lingua dos alumnos. En fin, calquera das opcións baralladas presenta as súas vantaxes e inconvenientes e a escollida, ao final, é talvez a menos dificultosa. Para o ensino universitario nada contempla a lei de normalización nen o decreto que a desenvolve ao efecto por entender-se que nese nivel educativo a comprensión de ambas as linguas oficiais é e terá de ser o suficiente para que empregando-se calquera delas, deban os alumnos, profesores e personal de administración e servizos entender e atender na que, en cada caso, se lles fale. As mesmas autoridades educativas teñen de garantir, ao remate dos ciclos educativos obrigatórios, que os alumnos coñezan o idioma galego en igualdade con o castellano (art. 14.3) para, entre outros, non ser preciso regular a normalización lingüística nos niveis superiores do ensino. Tanto os profesores como os alumnos, neste nivel, teñen dereito a empregaren a lingua da súa preferéncia (art. 15.1).

En función da obrigatoriedade do coñecemento do galego, nengun alumno

poderá ser dispensado de tal obriga se, por viver habitualmente na Galiza, cursou os seus estudos sen interrupción no país. E así, o Decreto 135/1983 establece a dispensación de realizar exames de lingua galega por un prazo máximo de dous anos. E isto sen prexuízo de que o alumno dispensado teña de acudir obrigatoriamente ás clases de lingua e literatura galegas (art. 14.2 da lei e 8.º do decreto).

En outros ensinamentos especiais como o de adultos e o de alumnos con deficiencias físicas ou mentais é preceptivo o emprego do galego cando se ensine lingua galega, no primeiro caso. No segundo, utilizará-se como lingua instrumental aquela que mellor contribua ao desenvolvemento dos alumnos con deficiencias. Nos demais centros de ensino especializado, dependentes da Xunta da Galiza, establecerá-se o ensino da lingua galega nos casos en que o seu estudo non teña carácter obrigatorio (art. 16).

A fin de facer efectivo todo o que se pretende no correspondente Título III da lei, o artigo 17 da mesma sinala que a lingua galega será obrigatoria nas Escolas Universitarias e demais Centros de Formación do Profesorado debendo adquirir, os alumnos destes centros, a capacitación necesaria para tal obxectivo. É isto establece-se non só para o profesorado da EXB senón que inclue tamén ao formado en outros centros como é o caso de licenciados e doutores que imparten docencia nos diferentes niveis do ensino (art. 17). Non obstante o que non se contempla é, sen prexuízo da formación do profesorado polo que fai á lingua galega, a formación do mesmo en galego tamén. Deste xeito dificilmente o profesorado galego poderá dominar con perfeición a lexicografía científica e técnica a empregar despois no ensino en galego.

4. DOS MEIOS DE COMUNICACIÓN ATÉ A FUNCIÓN NORMALIZADORA

Os artigos 18, 19 e 20 da lei de normalización lingüística referen-se ao uso do idioma galego nos medios de comunicación. Un ámbito que pola súa importancia na sociedade actual non pode ficar fora do proceso de normalización da lingua galega. De conformidade con o 18, o galego será a lingua usual nas emisoras de rádio e televisión e nos demais medios de comunicación submetidos á xestión ou competencia da Comunidades Autónoma. A respecto dos restantes medios, non submetidos á súa xestión ou competencia, nos que, ao amparo da lexislación vixente, os seus titulares e profesionais poden optar, en todo momento, polo uso do galego ou español como linguas co-oficiais, o Goberno galego prestará apoio económico e material para o emprego da lingua galega sempre que o fagan dun xeito habitual e progresivo (art. 19). E o artigo 20 sinala-lle á Xunta da Galiza as seguintes obrigas nesta materia: 1) O fomento da produción, dobreaxe, subtítulos e exhibición de películas e outros medios audiovisuais en lingua galega. 2) Estimular as manifestacións culturais, representacións teatrais e os espectáculos feitos en lingua galega, e 3) Contribuír ao fomento do libro en galego con medidas que potencien a produción editorial e a súa difusión.

De conformidade con o artigo 21, a Lei do uso do idioma galego non somente se ocupa da materia no ámbito territorial da Galiza senón, ademais, no exterior ao sinalar que o Goberno galego fará uso dos recursos que lle confiren a Constitución e mais o Estatuto para que os emigrantes galegos podan dispor de servizos culturais e lingüísticos en lingua galega. Ao respecto lembre-se que tamén gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que residindo no estranxeiro tiveron a última viciñanza administrativa (art. 3.º do Estatuto) en calquera dos municipios da Galiza e mesmo os seus descendentes nados fora, sempre que figuren inscritos como españois. E isto fai que, a estes e a calquera outros efectos de tipo autonómico, os nosos emigrantes teñan a mesma condición do que os galegos residentes na Galiza (art. 3.2 do Estatuto). En todo caso, polo que ten de precedente sintomático e preocupante ao respecto, temos de recordar que o actual Goberno español entende que todo o referente á emigración e relacións exteriores é da competencia exclusiva Administración Central do Estado. Así o manifestou cando acudiu ao Tribunal Constitucional polo artigo 2.º do Decreto da Xunta da Galiza de creación do Instituto Galego de Bacharelato a Distância (INGABAD). Como consecuencia do recurso interposto polo Goberno central o artigo 2.2 do Decreto da Xunta 120/1982 está actualmente en suspenso mentres non se falle o recurso correspondente. Neste parágrafo do artigo prevé-se que as actividades de tal Instituto se estendan até os emigrantes tal como, por exemplo, se interesou a sociedade galega «A Nosa Galiza» de Xenebra. O feito de que as comunidades galegas asentadas fora da Galiza podan solicitar, ao amparo do art. 7.º do Estatuto, desenvolvido pola Lei de 15 de Xuño de 1983, o recoñecimento da súa galeguidade entendida sen dereitos políticos mas si con os de colaboraren e compariren a vida social e cultural do povo galego, parece-nos que permite legalmente que a Xunta se ocupe e preocupe polos emigrantes galegos nesta como en calquera outra cuestión. Unha cousa é que sexa a Administración Central á que lle corresponde regular todo tipo de relacións exteriores e outra que quen as realice non sexa sempre, como acontece con o comercio de Estado, o mesmo Estado. Desde outra perspectiva, á que ao respecto mantén o Goberno español, dificilmente sería posíbel a aplicación do artigo 21 da lei de normalización lingüística. Dado, ademais, que no ensinamento galego se contempla o da lingua galega, os ausentes, sobre todo temporais, teñen dereito a que os centros de ensinamento españois no estranxeiro recollan, para os emigrantes galegos, os planos de estudo que rexen en cada momento na Galiza.

Á línea 2.ª do artigo 21 sinala, ademais, que o Goberno galego fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto a fin de protexer a lingua galega falada en territorios autónomos limítrofes con a nosa Comunidades. Con isto o que se pretende é que, por medio dos correspondentes convénios entre Galiza e o Principado de Asturias como con a Comunidade Castellano-Leonesa, se protexa a lingua galega no territorio asturiano comprendido entre os ríos Návía e Eu, no Bierzo leonés e na bisbarra lubianesa da provincia de Zamora. Territorios estes tres que ficaron fora da Galiza desde a vixente división provincial española de 1833. Os Estatutos asturiano e castellano-leonés non contemplan,

por certo, nada disto. O primeiro só alude á protección e ensino voluntario das distintas modalidades do bable sen nengunha aspiración, por conseguinte, de unificación do mesmo (art. 4.º e 10n). Unicamente, pois, o artigo 21.2 do Estatuto galego pode posibilitar unha protección mínima da lingua galega nos territorios devanditos. Casos similares hai-nos, por exemplo, con o aranés segundo o artigo 3.4 do Estatuto catalán, con o euscaro en Nafarroa (art. 9.2 da Lei Orgánica de amelloramento foral), con o catalán en Aragón ao aludiren, os arts. 7.º e 35.1.23 do seu Estatuto, á protección e conservación das modalidades lingüísticas de Aragón, e con o valenciano que é co-oficial con o castellano na —en toda— a Comunidade Autónoma e mesmo nas zonas que son castellanas parlantes nas que, ademais, o seu ensino non é obrigatorio (arts. 7.1 do Estatuto valenciano e 18.1 da lei de uso e ensino do valenciano). O Estatuto extremeño nada di do portugués, mas alude á defensa das peculiaridades dos extremeños ao mesmo tempo que contempla o estreitamento de relacións con Portugal (arts. 7.1.15 e 6.2g e h). Cabe pois pensar que, se hai vontade política, o Estatuto extremeño posibilita implicitamente algun tipo de medidas en defensa do portugués no territorio extremeño, limítrofe con Portugal, onde aínda está vivo. Consecuentemente existen diferenzas fundamentais entre o tratamento legal que se lle dá, por exemplo, ao euscaro en Nafarroa, ou ao catalán en Aragón, e, por outra banda, á modalidade valenciana do catalán na Comunidade Valenciana. Os primeiros fican circunscritos ás zonas onde aqueles idiomas aínda están vivos e, para o valenciano, prevé-se a progresiva incorporación ao ensino nos territorios castellano-parlantes.

O último Título, o VI, da lei de normalización do uso do galego ocupa-se da función normalizadora no que lle cumpre á Administración Autonómica. O artigo 22 responsabiliza ao Goberno galego da dirección técnica e seguimento do proceso de normalización asesorando á Administración e aos particulares, así como coordinando os servizos —que aínda non existen salvo a Dirección Xeral de Política Lingüística en materia de ensino— correspondentes para tal obxectivo. Deberá, ademais, a Xunta da Galiza establecer un plano —tam pouco elaborado aínda— de actuación destinado a resaltar a importancia da lingua galega como patrimonio histórico da Comunidade e a pór de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión (art. 23). O que se bota en falta nestes artigos é a non previsión de posibles organismos para a realización da política normalizadora da lingua como existen, en troca, en Cataluña ou na Deputación Foral de Guipúscoa. O único ente que se contempla ao respecto é a Escola Galega de Administración Pública á que se lle encarga a formación dos funcionarios a fin de que podan usar o idioma galego nos termos da presente lei (art. 24), sinalando-se que o dominio das linguas galega e española será condición necesaria para a obtención do diploma desta Escola. O último artigo, o 25, sinala que tanto a Xunta como as Corporacións ou Autarquias Locais fomentarán, no seu ámbito, a normalización do uso do galego nas actividades mercantis, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras de tal xeito que, con esta finalidade e por actos singulares, incluso se poderán outorgar reducións ou isen-

cións das obrigas fiscais. Reducións ou isencións que, no seu caso, afectarán ás receitas dos orzamentos da Comunidade Autónoma e dos das Autarquias Locais, con o que isto pode supor de poupanza nos pagamentos dos contribuintes por conceptos fiscais.

5. A NORMATIVIZACIÓN

A disposición adicional e única desta lei sinala como o único criterio a ter en conta ao respecto é o da Real Academia Galega e que, por outra banda, a normativa oficial será revisábel segundo transcorra o proceso normalizador. Non existe, pois, nengunha normativa ortográfico-morfolóxica oficial que como tal sexa obrigatoria a todos os efectos.

CONCLUSIÓN FINAL

Ao non existir nengun tipo de disposicións transitórias que progresivamente, e dentro duns horizontes temporais minimamente definidos, obrigue ao cumprimento mesmo da lei de normalización lingüística, a súa aplicación práctica, como está acontecendo na actualidade, depende da vontade política en que sexa eficaz ou non de cara aos obxectivos que explicitamente sinala.

Nada ten de sorprendente, pois, que en mais dun setenta por cento do seu articulado non se aplique até hoxe esta lei, por falta mesmo de desenvolvemento normativo. E que incluso, cando se aplica, non se faga dun xeito minimamente coerente con os fins que se perseguen.